

## DOMINGO III DO ADVENTO (C)

### PRIMEIRA LECTURA Sof 3, 14-18a

Lectura do libro do Profeta Sofonías

Exulta, filla de Sión; berra lediciosa, Israel, alégrate e relouca con todo o corazón, filla de Xerusalén. O Señor retirou o teu castigo, botou para atrás os teus inimigos. O Señor será o rei de Israel no medio de ti, non volverás ter medo da desgracia. No día aquel diráselle a Xerusalén: Non teñas medo, Sión, que as túas mans non afrouxen. O Señor, o teu Deus, está no medio de ti, é un heroe que salva. El salta de alegría por ti, engádate co seu amor, dá brincos de alegría por ti. Eu arredeite da asemblea festiva; retirei de ti o seu ¡Ai!

### SALMO RESPONSORIAL Is 12, 2-3. 4bcd. 5-6

R/. (6): Que grande é no medio de ti o Santo de Israel.

Deus é a miña salvación,  
procederei confiadamente e non terei medo.  
A miña forza e o meu cántico é o Señor,  
el é a miña salvación.  
Sacaredes auga con gozo das fontes de salvación.

Dádelle gracias ó Señor e invocade o seu nome.  
Pregoades entre os pobos os seus feitos,  
proclamade que o seu nome é grande.

Cantádelle ó Señor,  
que fixo cousas magníficas,  
anunciádeas en toda a terra.  
Clamade con gozo e ledicia, habitantes de Sión:  
Que grande é no medio de ti o Santo de Israel.

**SEGUNDA LECTURA** Flp 4, 4-7

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo ós Filipenses

Irmáns: Estade sempre alegres no Señor. Repítovolo: estade alegres. Que todo o mundo aprecie a vosa xentileza. O Señor está a chegar. Non desacouguedes por cousa ningunha. En todo presentádelle a Deus as vosas peticións con oracións de súplica e acción de gracias. E a paz de Deus, superior a todo o imaxinable, custodiará os vosos corazóns e os vosos pensamentos en Cristo Xesús.

**EVANXEO** Lc 3, 10-18

Lectura do Santo Evanxeo segundo Lucas

Naquel tempo, a xente preguntáballe a Xoán: -¿E logo, que temos que facer? El respondíalles: -O que teña dúas túnicas, que as reparta con quen non teña ningunha; e que faga o mesmo o que teña que comer.

Foron tamén uns recadadores a se bautizar, e preguntáronlle: - Mestre, ¿que temos que facer? El contestoulles: - Non esixades nada máis do que vos está mandado. Tamén uns soldados lle preguntaron: - E nós, ¿que temos que facer? El contestoulles: - Non asoballedes nin saqueedes a ninguén, e contentádevos coas vosas pagas.

Como o pobo estaba esperando polo Mesías, empezaba a pensar se acaso non o sería Xoán; pero el declarou diante de todos: - Eu bautízovos con auga, pero está a chegar o que é máis forte ca min, e a quen eu non son digno de lle desata-los amallós do seu calzado. El havos bautizar con Espírito Santo e con lume. Porque trae a forcada na man, para limpa-la súa eira e recoller na hucha o seu trigo; pero a palla ha de a queimar no lume que nunca se apaga. Con esta e outras moitas exhortacións anunciáballe a Boa Nova á xente.